



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 5 DE XULLO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se concede a Medalla de Galicia na súa categoría de Ouro a Isaac Díaz Pardo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes no Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, para o financiamento do desenvolvemento das Aulas de Terceira Idade de Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Padrón, Ourense, Lugo, Monterroso, Vilalba, Vigo e Pontevedra



- Acordo polo que se autoriza a sinatura de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de actuacións encamiñadas ao desenvolvemento do Plan estatal do voluntariado 2005-2009, e se autoriza ao vicepresidente da Igualdade e do Benestar para a súa sinatura.

## CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade da Coruña, para a promoción e apoio á investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades nos anos 2007-2009
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Vigo, para a promoción e apoio á investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades nos anos 2007-2009.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e a Fundación Unicef-Comité Español, para a execución do proxecto denominado: 'Protección da infancia e a loita contra a violencia e a explotación infantil en Casamance (Senegal)'
- Acordo polo que se autoriza a subscrición, por conter unha obriga de gasto plurianual, dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Sindicato Nacional de CC.OO., para levar a cabo un programa de información, orientación e asesoramento xurídico e sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes
- Acordo polo que se autoriza a subscrición, por conter unha obriga de gasto plurianual, cun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Confederación Intersindical Galega (CIG)., para levar a cabo un programa de información, orientación e asesoramento xurídico e sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes
- Acordo polo que se autoriza a subscrición, por conter unha obriga de gasto plurianual, cun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Unión Xeral de Traballadores, para levar a cabo un programa de información, orientación e asesoramento xurídico e sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes.



## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía máxima do expediente de contratación de concesión de obra pública: 'Nova infraestrutura viaria Costa da Morte: Vía de Alta Capacidade Carballo-Berdoias'.

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a Asociación Empresarial de Transportes de Mercancías por Estrada (APETAMCOR), para a execución dun proxecto piloto de implantación das novas tecnoloxías da información e as comunicacións no sector

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se recoñece, autoriza e cualifica como colección visitable a Palloza Casa do Sesto en Piornedo, concello de Cervantes (Lugo)

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Proxecto de acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co concello de Vilar de Santos para a execución da obra: 'Mellora do abastecemento nas bacías intercomunitarias. Mellora do abastecemento e saneamento en Vilar de Santos. Vilar de Santos (Ourense)', por importe de 138.320,00 euros
- Proxecto de acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co concello de Catoira, para a execución da obra: 'Plan de saneamento. Nova estación depuradora de augas residuais de Catoira. Catoira (Pontevedra)', por importe de 2.112.816,63 euros
- Proxecto de acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co concello de Betanzos, para a execución da obra: 'Actuacións de saneamento na bacía Galicia-Costa. Mellora e ampliación do saneamento de Betanzos. Betanzos (A Coruña)' por importe de 721.493,77 euros



## INFORMES

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe relativo á Memoria 2006 da Comisión de Coordinación das Policias Locais de Galicia.

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación do paso do río na estrada de Pazos de Reis a Randufe, no lugar de Circos, no concello de Tui', por unha contía aproximada de 16.082,99 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación do camiño municipal de Calatrava (Santa Mariña de Fraga-Campo Lameiro)', por unha contía aproximada de 18.745,41 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación do muro do camiño municipal de Redonde (Fragas-Campo Lameiro)', por unha contía aproximada de 5.240,10 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación do camiño municipal de acceso a Redonde (Fragas-Campo Lameiro)', por unha contía aproximada de 7.565,43 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación da estrada municipal no lugar de Cores, no concello de Catoira', por unha contía aproximada de 54.484,66 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación da estrada no lugar de Casal de Mogos, no concello de Catoira' por unha contía aproximada de 28.175,34 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación da estrada municipal no lugar de Acheiro, no concello de Catoira', por unha contía aproximada de 20.717,74 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación da estrada de Gundiñáns na parroquia de Saiar, no concello de Caldas de Reis', por unha contía aproximada de 26.084,50 euros



- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación da Ponte Nova sobre o río Carballas e camiño municipal en Fornelos, O Rosal', por unha contía aproximada de 17.179,77 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación do camiño á Escusa, no concello de Poio', por unha contía aproximada de 17.683,48 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación da Ponte do Demo, no concello de Poio', por unha contía aproximada de 23.005,94 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reposición da Ponte de Portela na estrada municipal Sisán-Barrantes, Concello de Ribadumia', por unha contía aproximada de 115.341,75 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación da estrada de Covelo, na parroquia de Romai, en Portas', por unha contía aproximada de 13.549,58 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reparación do paso sobre o río no Camiño de Baños en Caldelas de Tui, acceso á PO-404, no quilómetro 7, Concello de Tui', por unha contía aproximada de 220.856,74 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: 'Reposición no camiño de Sobral, Oia, Pontevedra', por unha contía aproximada 21.161,72 euros



## ISAAC DÍAZ PARDO RECIBE A MEDALLA DE OURO DE GALICIA, A MÁXIMA DISTINCIÓN DO GOBERNO GALEGO

- A entrega desta medalla realizarase o vindeiro 25 de xullo nun acto solemne

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a concesión da Medalla de Ouro de Galicia a Isaac Díaz Pardo pola súa contribución á cultura galega e a defensa dos intereses de Galicia. A Xunta honra a Isaac Díaz Pardo coa Medalla de Ouro de Galicia en recoñecemento á súa traxectoria en prol da cultura da comunidade especialmente nos eidos da literatura e das belas artes. A homenaxe destaca o periplo dun home que levou a bandeira da arte galega polos todos os países non que viviu ou pasou parte da súa vida.

Díaz Pardo naceu en 1920 na casa da Tumbona da compostelá Rúa das Hortas. Frecuentou desde moi neno o taller do seu pai, Camilo Díaz Baliño, escenógrafo, pintor, e cartelista, no que se celebraban reunións moi na órbita das Irmandades da Fala, das que o pai de Isaac era membro activo.

Os sucesos da Guerra Civil Española acabaron coa vida de Díaz Baliño, xusto cando Isaac cursaba os estudos de bacharelato e proxectaba acceder á Escola de Arquitectura. A realidade daqueles sucesos levárano nun primeiro momento a ter que agacharse na casa do seu tío Indalecio para salvar a vida e, despois, a traballar como rotulista nunha industria coruñesa de pintura industrial.

Rematada a guerra, Isaac Díaz Pardo ingresou na Escola de Belas Artes de San Fernando e en 1941 participou na primeira experiencia que se facía en España sobre deseño industrial, dirixida por Sainz de Tejada e na que participaban cinco alumnos de Arquitectura e outros cinco de San Fernando. Rematados os estudos de Belas Artes, en 1942 a obtención da beca Conde de Cartagena permitiulle realizar unha viaxe de estudos e amosar o seu talento artístico en Roma, Florencia e Siena. Pouco despois cubriu unha praza de profesor auxiliar de Debuxo na Escola Superior de Belas Artes de San Jordi de Barcelona e realizou diversas exposicións en Madrid, Barcelona, Londres, Vigo, Bos Aires...

No 1948 abandonou a dedicación ás artes plásticas e comezou a súa obra de ceramista montando unha planta industrial no Castro de Samoedo, preto de Sada, na que, ensaiando materias primas utilizadas no antigo Sargadelos, produciu unha porcelana de moi boa calidade.

No ano 1955 viaxou por primeira vez a Arxentina, onde iniciou outra experiencia industrial de cerámica, a da Magdalena, a 108 quilómetros de Bos Aires, e onde con Luís Seoane e co apoio dos intelectuais galegos alí exiliados, constituíu o Laboratorio



de Formas, que proxectou a creación dunha serie de empresas recuperadoras da memoria histórica de Galicia, convertidas logo en realidade, como a restauración do complexo de Sargadelos e o seu Seminario de investigación, o Museo Carlos Maside, Edicións do Castro, Seminario de Estudos Galegos, Laboratorio de Industria e Comunicación, Instituto Galego de Información...

Díaz Pardo tamén cultivou o ensaio e a crítica, produción entre a que hai que subliñar títulos como: Xente do meu Rueiro, Bos Aires, 1954; Midas. O ángulo de pedra, Bos Aires, 1956; El ceramista Arranz y su escuela, A Coruña, 1960; Galicia Hoy, en colaboración con Luís Seoane, París, 1965; Paco Pixiñas, en colaboración con Celso Emilio Ferreiro, cartel de cego, A Coruña, 1970; A Nave Espacial, cartel de cego, A Coruña, 1970; El Marqués de Sargadelos, cartel de cego, A Coruña, 1970; Castelao, cartel de cego, A Coruña, 1985; Galicia hoy y el resto del mundo, A Coruña, 1987, ademais de diversos traballos xornalísticos, principalmente de historia contemporánea.

Ten recibido moitas distincións e recoñecementos, entre os que destacan: o Pedrón de Ouro (1976), a Medalla de Ouro e Fillo Predilecto da cidade de Santiago de Compostela (1988), o Premio Otero Pedrayo das Deputacións Provinciais (1990), a Insignia de Ouro (1991), o Doutor Honoris Causa (1992) pola Universidade de Santiago de Compostela, o Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo (1993), a Vieira de Prata do Padroado da Cultura Galega de Montevideo (1995), o Premio Jiménez de Asúa de Derechos y Libertades (1999), o XLI Premio Fernández Latorre (1999), o Premio Arquitecto Honorífico polo Colexio de Arquitectos de Galicia (2001), o Premio Ramón Piñeiro de Lán cara (2002) ou o Premio das Letras e das Artes de Galicia (2003).





## TODOS OS ALUMNOS GALEGOS CURSARÁN EN 1º E 2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA UNHA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

- O decreto que regula as ensinanzas da ESO na Comunidade galega foi aprobado esta mañá polo Consello da Xunta
- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos impartirase no 2º curso
- Entre as novas materias tamén se inclúe a optativa Taller de iniciativas emprendedoras, destinada a potenciar a capacitación para a o exercicio de actividades profesionais e a participación activa na vida económica
- Os centros elaborarán un proxecto lector e un plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación no ensino
- Na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional dos estudantes

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) na Comunidade Autónoma de Galicia. O currículo que se establece neste decreto ten como obxectivo contribuír ao logro dos principios básicos da Lei Orgánica de Educación (LOE) que apuntan á calidade de educación para todo o alumnado; equidade que garanta a igualdade de oportunidades; e esforzo compartido por todos os compoñentes da comunidade educativa.

Como novidade, incorpóranse ao currículo da ESO as competencias básicas, entendidas como a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Así, o concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar.

Deste xeito, a incorporación de competencias básicas ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. As competencias básicas son aquelas que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

En concreto, as materias do currículo da ESO permitirán o desenvolvemento de oito competencias básicas: competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender, e autonomía e iniciativa persoal.





Neste senso, a finalidade da ESO consiste en acadar que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, especialmente en aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás. Así, na Educación Secundaria Obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado, tendo o cuarto curso carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

#### Novidades nas materias

No currículo da ESO incorpórase a materia de Educación para a cidadanía e dereitos humanos en 2º curso, que se distribuirá en cinco bloques nos que se tratarán contidos relativos aos problemas actuais, analizando as informacións proporcionadas por distintos medios de comunicación; as relacións interpersoais, a convivencia e a participación; os deberes e dereitos dos cidadáns; a democracia e a cidadanía; e a diversidade social e cultural.

Ademais, impartirase a segunda lingua estranxeira a todo o alumnado en 1º e 2º curso, co cal pasa de ser optativa a ser obrigatoria. Por outra banda, as materias de Informática e Latín aparecen no 4º curso como materias troncais optativas; e a materia de Matemáticas poderá presentarse en dúas opcións, A e B, en función do carácter terminal ou propedéutico, no 4º curso.

Inclúese tamén unha nova materia denominada Taller de iniciativas emprendedoras, de oferta obrigada para os centros e que poderá ser cursada en 3º ou 4º curso, e que persegue potenciar a capacidade dos alumnos e alumnas para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor, así como a capacitación para o exercicio de actividades profesionais e para a participación activa na vida económica.

#### Organización dos cursos da etapa

En canto á organización e a distribución horaria dos catro cursos da ESO, o decreto que regula estas ensinanzas establece que en cada un dos tres primeiros cursos todo o alumnado cursará as seguintes materias: Ciencias da natureza; Ciencias sociais, xeografía e historia; Educación física; Lingua galega e literatura; Lingua castelá e literatura; Primeira lingua estranxeira; e Matemáticas. Ademais, no primeiro curso, o alumnado cursará a materia de Educación plástica e visual e Segunda lingua estranxeira; e realizará un proxecto interdisciplinar. No segundo curso, o alumnado tamén cursará Música; Educación para a cidadanía e os dereitos humanos; Tecnoloxías; e Segunda lingua estranxeira.



No terceiro curso de ESO, os alumnos estudarán tamén Tecnoloxías; Plástica; Música; e unha materia optativa. Neste curso, a materia de Ciencias da Natureza desdóbrase en Bioloxía e Xeoloxía por un lado e Física e Química por outro, avaliando o profesorado cada unha delas por separado aínda que a materia de Ciencias da Natureza manterá o seu carácter unitario a efectos de promoción.

No cuarto curso de ESO, todo o alumnado deberá cursar as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia; Educación ético-cívica; Educación física; Lingua galega e literatura; Lingua castelá e literatura; Matemáticas; e Primeira lingua estranxeira. Ademais dunha materia optativa, a totalidade do alumnado cursará tres materias de entre as seguintes: Bioloxía e xeoloxía; Educación plástica e visual; Física e química; Informática; Latín; Música; Segunda lingua estranxeira; e Tecnoloxía.

A oferta de materias optativas deberá ser diversa e equilibrada. Nela, os centros incluirán, en todo caso, a cultura clásica e taller de iniciativas emprendedoras, que poderán ser cursadas en terceiro ou no cuarto curso; e a segunda lingua estranxeira, que se poderá estudar en terceiro e cuarto curso. Ademais, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, e a educación en valores traballaránse en toda a etapa.

#### Potenciar a lectura e as TICs

Coa fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a LOE e a Comunidade galega sinalan para as etapas do ensino obrigatorio, os centros de ensino deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas. Así, o proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha.

Ademais, entre as accións que se dispoñen na LOE e que forman parte do currículo da ESO en Galicia tamén destaca a elaboración por parte dos centros dun Plan de Integración das tecnoloxías da información e a comunicación coa finalidade de que estas se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe. Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital de xeito que dispoña de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Así, o Plan de integración das tecnoloxías da información a comunicación incorporará diferentes



habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TICs como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

#### Avaliación e promoción

En virtude do decreto aprobado hoxe polo que se regulan as ensinanzas da ESO en Galicia, o alumnado promocionará ao curso seguinte cando teña superados os obxectivos das materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo. Excepcionalmente, o equipo docente poderá autorizar a promoción con avaliación negativa en tres materias, se considera que a natureza das mesmas non impide ao alumnado seguir con éxito o curso seguinte, ten expectativas favorables de recuperación e dita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Por outra banda, a Administración educativa autonómica organizará e autorizará programas de cualificación profesional inicial coa finalidade de favorecer a inserción social, educativa e laboral das mozas e mozos. Así, poderán acceder a un destes programas as alumnas e alumnos maiores de dezaseis anos que non obtivesen o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.



## APROBADO O DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN AS TARIFAS DOS SERVICIOS SANITARIOS PRESTADOS NOS CENTROS DEPENDENTES DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias, a pacientes que non sexan beneficiarios da Seguridade Social, así como naqueles casos en que, sendo beneficiarios, exista un terceiro obrigado ao pagamento que deba asumir o gasto sanitario.

Considérase terceiros obrigados ao pagamento as compañías privadas de saúde naqueles supostos de transporte sanitario urxente de carácter vital cando o paciente, sexa ou non beneficiario da Seguridade Social, subscribíse voluntariamente unha póliza con esa compañía.



## A XUNTA DE GALICIA REGULA O PROCESO DE HABILITACIÓN DE TÉCNICOS EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS COMO INSPECTORES PARA REFORZAR A VIXILANCIA E O CONTROL

- Realizarán funcións de asesoramento, información e comprobación das condicións materiais e técnicas de seguridade e saúde e disporán de capacidade para levantar actas de requirimento ante a comisión de infraccións
- Esta actuación do Goberno galego constitúe unhas das medidas coas que se pretende lograr un dos obxectivos prioritarios desta Administración, como é reducir as cifras de sinistralidade laboral da Comunidade galega

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou o decreto que permitirá que se habiliten con funcións inspectoras técnicos en prevención de riscos laborais adscritos aos Centros Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Traballo, para reforzar a vixilancia e control dos riscos laborais.

Segundo o texto normativo, realizarán funcións de asesoramento, información e comprobación das condicións materiais e técnicas nas empresas e nos centros de traballo da comunidade autónoma e poderán levantar actas de requirimento ante a comisión de infraccións.

A habilitación destes técnicos xustifícase pola necesidade de ampliar o control público no cumprimento das obrigas en materia de seguridade e saúde laboral nas empresas e centros de traballo. Deste xeito, con esta nova regulación a Consellería de Traballo desenvolve un mecanismo de habilitación do seu persoal técnico para realizar as novas funcións en colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social. Desta maneira, súmanse 12 técnicos para colaborar nos labores de vixilancia e control dos riscos laborais, ao actual cadro de persoal da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia, conformada por 46 inspectores.

Esta actuación do Goberno galego constitúe unhas das medidas coas que se pretende lograr un dos obxectivos prioritarios desta Administración, como é reducir as cifras de sinistralidade laboral da Comunidade galega.

Ademais das funcións propias en materia de promoción da prevención dos riscos laborais, asesoramento, asistencia técnica, información e formación, a habilitación facultará os técnicos da Consellería de Traballo para entrar libremente e sen previo aviso nas empresas e nos centros de traballo suxeitos a estas actuacións de comprobación e control. Poderán practicar calquera comprobación ou realización de exame, medición ou proba que consideren necesarios.



Outro dos seus cometidos será recoller información adicional ou documental sobre calquera condición material ou técnica suxeita a comprobación, se consideran que se está cometendo infracción. Non obstante, poderán practicar requirimento legal, é dicir, exixir á empresa que repare as deficiencias detectadas, ou poñelo en coñecemento da Inspección de Traballo, que se encargará de levantar acta de infracción.

Poderán ser habilitados para estas funcións aqueles funcionarios da Administración autonómica galega que estean adscritos a algún dos centros provinciais de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que sexan técnicos superiores en prevención de riscos laborais, e acrediten unha experiencia mínima dun ano no exercicio destas funcións técnicas.



## O GOBERNO GALEGO COLABORARÁ CO MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS NA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PLAN ESTATAL DO VOLUNTARIADO 2005-2009

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para o desenvolvemento de proxectos coa finalidade de dar execución ás actuacións previstas no Plan estatal do voluntariado 2005-2009.

A duración deste convenio esténdese ata finais de 2007, e nel recóllese unha partida orzamentaria de 269,632 euros que achegará a Xunta de Galicia, e mais outro tanto que correrá a cargo do Ministerio de Traballo. Entre os programas aos que irán destinadas as achegas económicas salienta a consolidación dos proxectos de acción voluntaria e de entidades non lucrativas inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

Para o seguimento deste convenio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar designará un representante na Comisión de Seguimento do Plan Estatal do Voluntariado, formada por representantes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais mais un representante por cada unha das comunidades autónomas que asinen os correspondentes convenios de colaboración. Esta comisión de seguimento terá como funcións velar polo cumprimento do establecido nos convenios e tratará de resolver cuestións que se formulen.

Na sesión do Consello, aprobouse, así mesmo, autorizar o vicepresidente da Igualdade e do Benestar como representante de Galicia na sinatura do antedito convenio de colaboración.





## A XUNTA COLABORARÁ NO FINANCIAMENTO DAS AULAS DE FORMACIÓN DA TERCEIRA IDADE EN VARIAS VILAS GALEGAS

- O Consello da Xunta autorizou un convenio coa Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos por un importe de 267.923 euros

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos para financiar as Aulas da Terceira Idade que se desenvolverán en Santiago, A Coruña, Ferrol, Padrón, Ourense, Lugo, Monterroso, Vilalba, Vigo e Pontevedra.

As actuacións que se compromete a levar a cabo a Asociación esténdense ao longo do ano 2007 e comprenden actividades xerais como conferencias, visitas culturais ou proxección de películas. Outros puntos nos que se traballará serán a posta en marcha de obradoiros: literatura, arte, idiomas, traballos manuais, pintura, informática, ximnasia ou ioga, entre outros.

O obxecto deste convenio é a realización de programas que dean unha resposta ás necesidades de formación, ocupación creativa do tempo libre e prevención de situacións de illamento social das persoas maiores. Para tal fin, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achegará a cantidade de 267.923 euros.

Pola súa banda, a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos comprométese a facilitar o seguimento dos programas por parte dos órganos correspondentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, así como a remitir os informes e certificados oportunos. Tamén queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas.



## A XUNTA E AS CENTRAIS SINDICAIS OFRECERÁN CONXUNTAMENTE INFORMACIÓN E O ASESORAMENTO INTEGRAL A RETORNADOS E INMIGRANTES

- Haberá oficinas nas catro provincias e como mínimo nas cidades de A Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Ourense, Lugo, Pontevedra e Ribeira

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de tres convenios entre a Secretaría Xeral de Emigración e as organizacións sindicais Comisión Obreiras de Galicia (CC.OO.), Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UXT) e Confederación Intersindical Galega (CIG), que terán por obxecto o desenvolvemento dun programa de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral para emigrantes retornados e inmigrantes coa finalidade de facilitar a integración social destes colectivos. A Secretaría Xeral de Emigración contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da actuacións recollidas nos convenios cun importe total de 150.000 euros.

A unidade de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral para emigrantes retornados e inmigrantes, terá oficinas nas catro provincias galegas e como mínimo nas cidades da A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Pontevedra, Vigo e Ribeira.

Entre os obxectivos das unidades estarán os de informar aos colectivos sobre a súa situación xurídica e trámites administrativos a realizar dada a súa condición de inmigrante ou emigrante retornado; asesorar e facilitar a tramitación de permisos de residencia, traballo, visados, adquisición de nacionalidade, agrupamento familiar, homologación de títulos académicos e todo tipo de trámites administrativos que estes colectivos precisen, así como sobre as posibles prestacións sociais, educativas ou sanitarias ás que tivesen dereito; asesoramento e información de cursos de formación e oportunidades de emprego de cara a inserción do mercado laboral; asesoramento sindical e de relacións e riscos laborais, e asesoramento para o autoemprego, tanto respecto aos trámites administrativos como das axudas e subvencións existentes.

Os servizos serán prestados por un técnico experto en dereito administrativo e estranxeiría. O convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2008.



## RENÓVASE A COLABORACIÓN DO RAMÓN PIÑEIRO COAS UNIVERSIDADES DA CORUÑA E VIGO PARA DESENVOLVER PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

- O Consello da Xunta aprobou hoxe dous convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as dúas institucións académicas
- O sintetizador texto-voz en galego, o etiquetador para o galego actual, o Corpus Documentale Latinum Gallaeciae e os traballos sobre lírica galego-portuguesa son os proxectos que terán financiamento

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as Universidades da Coruña e de Vigo para a promoción e o apoio á investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Segundo establece o acordo coa Universidade da Coruña, Política Lingüística financiará con 44.024 euros, repartidos en tres anualidades, as actividades que vai desenvolver a institución académica en colaboración co Centro Ramón Piñeiro. Trátase do proxecto "Etiquetador-lematizador para o galego actual", o proxecto "Corpus Documentale Latinum Gallaeciae", e o proxecto "Lírica galego-portuguesa".

O acordo coa Universidade de Vigo establece que a Secretaría Xeral de Política Lingüística encargárase de financiar a realización dos traballos obxecto do convenio con 45.348 euros. O convenio especifica que as actividades obxecto de financiamento como o proxecto "Sintetizador texto-voz en galego" e o proxecto "Etiquetador-lematizador para o galego actual".



## A XUNTA COLABORARÁ CON UNICEF NA LOITA CONTRA A VIOLENCIA E A EXPLOTACIÓN INFANTIL EN SENEGAL

- A Xunta destinará, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, 220.000 euros a este proxecto
- O obxectivo do proxecto é mellorar as condicións de vida da poboación de Casamance (Senegal), especialmente das mulleres e dos nenos
- Sensibilizar e formar a poboación nunha cultura de paz, así como previr e xestionar os conflitos relacionados coa reintegración de refuxiados, son as bases deste programa

O Consello da Xunta deu, na súa reunión desta mañá, o visto e prace ao convenio de colaboración que asinarán proximamente a Dirección Xeral de Cooperación Exterior e Unicef para desenvolver un proxecto centrado na protección da infancia e na loita contra a violencia na rexión senegalesa de Casamance. En concreto, o Goberno galego destinará, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, 220.000 euros a este programa, que ten como obxectivo formar á poboación en Dereitos Humanos e Dereitos da Infancia, de cara a garantir a protección dos máis vulnerables e a mellorar as condicións de vida da poboación desta zona do sur de Senegal.

O proxecto céntrase no investimento no ser humano, incluíndo actividades de capacitación, formación, comunicación e sensibilización dirixidas a toda a poboación. Deste xeito preténdese facilitarlles as ferramentas necesarias para autoxestionar, dende as propias comunidades, a resolución pacífica dos conflitos existentes, xa que o sur de Senegal ten sufrido durante anos un conflito armado entre as autoridades e as milicias da zona que xerou milleiros de desprazados e refuxiados. Así mesmo, a través da formación quérese comprometer as autoridades locais coa protección dos Dereitos da Infancia, en concreto con todos aqueles nenos e nenas vítimas de explotación.

### Protección dos Dereitos da Infancia

Un dos eixes fundamentais do proxecto é a promoción e protección dos Dereitos da Infancia a través da eliminación das peores formas de traballo infantil. Inténtase tamén fortalecer as institucións nacionais e sociais para que melloren a capacidade para responder ás necesidades das nenas e nenos en perigo, incidindo en estratexias preventivas, tales como a alfabetización e a xeración de ingresos máis altos nas familias, e na aplicación de leis que sigan as normas da Convención sobre os Dereitos do Neno. Para acadar estes obxectivos fortaleceranse as capacidades de 600 mestres de 100 escolas da rexión, facilitándoselles as ferramentas necesarias para poder protexer a infancia contra prácticas de explotación.



Ademais levaranse a cabo diversas campañas de sensibilización nos medios de comunicación senegaleses e prestarase apoio técnico a asociacións locais e grupos de traballo en rede para reintegrar os nenos vítimas de explotación.

#### Solución pacífica dos conflitos

O recente avance no proceso de paz que vive a rexión provocou o retorno da poboación desprazada aos seus lugares de orixe, proceso que se está a acelerar ante a mellora das condicións de seguridade da zona. Nun dos aspectos nos que incide este proxecto é no traballo de acompañamento dos desprazados e refuxiados retornados no seu proceso de reintegración, establecendo as bases para unha convivencia pacífica e unha resolución dos conflitos de xeito non violento. Os esforzos de sensibilización sobre os perigos das minas, tanto a nivel escolar como comunitario, é outro dos puntos nos que se centra este programa.

Deste xeito, facilitaráselles formación a 600 líderes relixiosos tradicionais locais para mellorar a xestión dos conflitos relacionados coa propiedade da terra, o estrés causado pola situación de inseguridade que crea a presenza de minas antipersoas e armas lixeiras. Tamén se impartirá formación co fin de sensibilizar estes líderes en Dereitos Humanos, apoiando os Plans de Acción das Unidades de Reconciliación Comunitaria, que nos últimos anos tiveron influencia en máis de 20.000 persoas.



## A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A CONSTRUCIÓN E EXPLOTACIÓN DO CORREDOR DA COSTA DA MORTE QUE TERÁ UN CUSTO TOTAL DE 300 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o financiamento do treito Carballo-Berdoias que se estima en máis de 170 millóns de euros ós que se deberán engadir ós 50 necesarios para a súa conversión en autovía antes do 2018
- O Goberno galego quere que esta vía, Carballo-Berdoais, estea operativa en 2010

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao inicio da construción e explotación do corredor da Costa da Morte, que terá un coste total de 300 millóns de euros. O primeiro treito, do que o Consello autorizou o seu financiamento -Carballo-Berdoias- estará en servizo en 2010. Este trámite administrativo supón o visto e praxe ao financiamento para a construción e explotación, en réxime de concesión durante 30 anos, desta nova vía de alta capacidade, que terá características de corredor.

Superado este trámite, a CPTOPT publicará a licitación para a concesión das obras este mesmo mes de xullo no Diario Oficial de Galicia, o Boletín Oficial do Estado e o Diario Oficial da Unión Europea.

O custo estimado de execución do corredor entre Carballo e Berdoias, que ten 42'4 quilómetros de lonxitude, é de 173'36 millóns de euros. Con todo, a concesionaria que resulte finalmente adxudicataria deberá desdobrar este corredor en autovía cando a intensidade do tráfico así o requira e, en todo caso, antes do 2018, actuación que suporá un investimento adicional de 51'2 millóns de euros.

O resto dos tramos do corredor da Costa da Morte, que acometerá a Xunta de Galicia suporán un investimento de 76 millóns de euros. O resto comprende un primeiro treito de aproximadamente 8 quilómetros entre Berdoias e Cee, tamén con características de corredor e en fase de redacción do estudo informativo. De Cee sairán dúas variantes: Cee-Brens, de 9 quilómetros e que ten sometido a supervisión o seu estudo informativo; e Cee-Sardiñeiro, treito de case 5 quilómetros e xa en fase de expropiación.

A proposta deseñada pola actual Xunta de Galicia para a Costa da Morte recolle unha substancial mellora sobre as previsións do anterior executivo xa que prevé unha estrada de nova construción libre de peaxe con características de corredor en todo o trazado, dende Carballo ata Cee. Na práctica, este cambio supón que poderá desdobrarse en autovía no momento en que os niveis de tráfico así o requiran e, no treito comprendido entre Carballo e Berdoias, sempre antes de 2018. A nova vía,



entre Carballo e Cee, contará en todo o seu percorrido cunha calzada homoxénea de dous carrís de 3,5 metros de largo cada un, dúas beiravías de 2,5 metros e dúas bermas de 0,75 metros.

Cómpre recordar que fronte aos 25'4 quilómetros de corredor previstos polo anterior goberno, a Xunta de Galicia asume agora a construción de máis de 56 quilómetros e un investimento de máis de 250 millóns de euros para abordar unha infraestrutura fundamental coa que se pretende vertebrar e dinamizar a Costa da Morte e a súa área de influencia.





## A XUNTA ACHEGARÁ 170.000 EUROS PARA IMPLANTAR AS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS NO SECTOR DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA

- A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio con APETAMCOR que permitirá implantar o novo tacógrafo dixital

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Asociación Empresarial de Transporte de Mercadorías por Estrada (APETAMCOR) para o desenvolvemento dun proxecto piloto de implantación das novas tecnoloxías da información e das comunicacións no sector dos transportes.

O convenio permitirá promover o uso das novas tecnoloxías no colectivo dos transportistas de mercadorías, moi afastado ate o de agora das vantaxes que estes avances están a facilitar ao tecido empresarial.

A consellería achegará cento setenta mil euros que permitirán incorporar a tecnoloxía adecuada para a implantación do novo tacógrafo dixital e capacitar ao colectivo no uso e obtención de información a través das novas tecnoloxías da información e das comunicacións.



## **A XUNTA DE GALICIA DECLARA COMO COLECCIÓN VISITABLE A PALLOZA "CASA DO SESTO" EN PIORNEDO, NOS ANCARES**

- Servirá para amosar a forma de vida tradicional nesta zona de Galicia
- Hai documentos que recollen a súa existencia desde 1773

A palloza "Casa do Sesto" pasará a considerarse unha colección visitable, unha categoría similar á de museo, logo de que o Consello da Xunta aprobase o acordo de recoñecemento na súa reunión de hoxe. A apertura ao público desta palloza, na aldea do Piornedo no concello de Cervantes, permitirá coñecer mellor a forma de vida tradicional nos Ancares.

A iniciativa da declaración xorde da propia familia de propietarios e contou co aval do Consello da Cultura Galega e do Museo do Castro de Viladonga. A palloza é de grande interese tanto pola súa arquitectura como polo mobiliario interior que posúe.

Dispóñense de documentos de propiedade que mencionan a palloza como vivenda desde o ano 1773 e continuou sendo a vivenda habitual ata 1970. Tres das persoas que vivían na palloza en 1970 continúan vivindo en Piornedo, en casas situadas a carón dela.

As pallozas son a herdanza máis directa das vivendas castrexas porque están construídas cos mesmos materiais (parede de pedra, armazón de madeira e cuberta de palla) e teñen unha disposición interior similar a aquelas. Representan a evolución das construcións dos castros pois con respecto destes aumentou o tamaño e mellorou a distribución interior; esta evolución estivo condicionada non só polo paso do tempo senón tamén pola adaptación da vida ás condicións climáticas das distintas zonas.



## MEDIO AMBIENTE REALIZARÁ MELLORAS HIDRÁULICAS NO CONCELLO OURENSÁN DE VILAR DE SANTOS, CUN ORZAMENTO DE 138.320 EUROS

- As obras teñen un prazo de execución de catro meses e incluírán a mellora do abastecemento de auga e da rede de sumidoiros do municipio, así como a renovación das válvulas de comporta

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible realizará melloras nos servizos hidráulicos do concello ourensán de Vilar de Santos, que contarán cun investimento de 138.320 euros que financiará na súa totalidade a Consellería, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH). O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao financiamento do proxecto, que se distribuirá en dúas anualidades, cun investimento de 100.000 euros no 2007 e de 38.320 euros no 2008.

As obras contan cun prazo de execución de catro meses, e incluírán a mellora do abastecemento de auga a Vilar de Santos, a renovación das válvulas de comporta e a mellora da rede de sumidoiros do municipio. Deste xeito permitirase dotar os núcleos do concello do equipamento mínimo de infraestruturas hidráulicas, mellorando a súa calidade de vida.

Para mellorar o abastecemento no municipio acometerase un tramo de 760 metros de tubo de impulsión para favorecer o bombeo sito en Parada, e instalaranse 1.100 metros de tubo para levar a auga dende o depósito de Castelaos ao novo de Vilar de Santos para reforzar o seu abastecemento. No depósito de Castelaus instalarase unha bomba dosificadora para a potabilización da auga.

Así mesmo, o proxecto recolle a renovación de 17 válvulas de comporta e a substitución dun tramo de saneamento cun tubo de maior diámetro para aumentar a capacidade de desaugamento. Tamén se construírán 9 pozos de rexistro e no último realizarase a conexión á rede de sumidoiros existente, e repoñerase un tramo de 155 metros da rede de pluviais.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE 2,1 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DA DEPURADORA DE CATOIRA (PONTEVEDRA), INCLUÍDA NO PLAN DE SANEAMENTO PARA CUMPRIMENTO DA DIRECTIVA EUROPEA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e económica deste proxecto, que será financiado na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente en tres anualidades
- A obra incluírá a instalación dun novo tramo de colector e dunha EDAR, e executarase no prazo de 27 meses, dos cales tres meses corresponden á redacción do proxecto, 12 a obra e 12 ao período de explotación
- A nova EDAR de Catoira inclúese no Plan de Saneamento presentado polo conselleiro, Manuel Vázquez, e que ten por obxectivo cumprir a directiva europea que obriga a depurar as augas residuais das poboacións de máis de 2.000 habitantes equivalentes

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 2.112.816 euros na instalación dun tramo de colector e construción da nova depuradora de augas residuais (EDAR) do concello pontevedrés de Catoira. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e económica da consellería para este proxecto, que se financiará en tres anualidades a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH). Así, no ano 2007 realizarase unha achega de 211.281 euros, no 2008 de 1.775.422 euros e no 2009 a achega prevista é de 126.112 euros.

O plan de saneamento e construción da nova EDAR de Catoira ten un prazo de execución de 27 meses, dos cales tres se destinarán á redacción do proxecto, 12 a obra e outros 12 meses á explotación da EDAR. As obras consistirán na instalación dun novo tramo de colector dunha lonxitude de 473 metros en tubo de PVC e unha capacidade de desaugamento de 80 litros por segundo, e a execución dunha estación depuradora de augas residuais deseñada para 5.000 habitantes equivalentes, cun caudal de 1.700 metros cúbicos por día.

### Plan saneamento

A construción da EDAR de Catoira é un dos proxectos incluídos no Plan de Saneamento presentado a finais do pasado ano polo conselleiro, Manuel Vázquez, co obxectivo de cumprir a Directiva da Unión Europea, que obrigaba hai xa quince anos a depurar as augas residuais das poboacións de máis de 2.000 habitantes equivalentes. No marco deste plan recóllese para o presente ano 2007 a licitación de 20 novas depuradoras en Galicia.



## MEDIO AMBIENTE DESTINA 721.493 EUROS Á MELLORA E AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO DO CONCELLO CORUÑÉS DE BETANZOS

- Esta actuación permitirá ampliar a rede aos núcleos da Sancia e Montellos, e a execución dun novo tramo na Peada, na parroquia de Infesta

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 721.493 euros á mellor e ampliación do saneamento en varios núcleos do concello coruñés de Betanzos, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a colaboración técnica e financeira para acometer o proxecto. Esta actuación permitirá ampliar a rede de saneamento actual para dar servizo a núcleos da Sancia e Montellos, así como ao lugar da Peada, na parroquia da Infesta, e evitar deste xeito as verteduras que se producen no río Callou.

O proxecto ten un prazo de execución de dez meses, e financiarase en dúas anualidades con cargo aos orzamentos da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).

As obras consistirán na ampliación da rede de saneamento para dar servizo aos núcleos da Sancia e Montellos, para conducilos á rede existente mediante un novo bombeo e impulsión dende a zona da Sancia. Ademais, executarase un novo tramo de rede na zona da Peada, na parroquia da Infesta, e levarase a cabo a substitución do equipo de bombeo nas Cascas, que na actualidade está xa ao límite da súa capacidade polo que quedaría insuficiente para recibir as verteduras procedentes da ampliación da rede de saneamento.

Debido a estas melloras na rede de saneamento aumentarán as verteduras ao bombeo principal de Betanzos, polo que o proxecto tamén contempla a construción dun areeiro previo para mellorar o rendemento do sistema de bombeo, así como a substitución da rede de saneamento próxima a este, na zona da Ribeira.



## A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA PRESENTA NO CONSELLO A MEMORIA 2006 DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DAS POLICÍAS LOCAIS

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza presentou ao Consello da Xunta a Memoria 2006 da Comisión de Coordinación das Polícías Locais de Galicia na que se recollen os principios que rexen este organismo, así coma unha recompilación da súa actividade durante o pasado ano.

A Memoria 2006 da Comisión das Polícías Locais de Galicia recolle as actas deste órgano, datos do rexistro de Polícías Locais en Galicia e o proxecto de Lei de coordinación de Polícías Locais, que pretende ser un texto legal que satisfaga as demandas dunha seguridade pública municipal preparada para responder con garantías ás específicas condicións dos municipios galegos.

Foi a Comisión de Coordinación das Polícías Locais de Galicia a que aprobou a constitución e composición do grupo técnico de traballo encargado de elaborar o anteproxecto de Lei de coordinación de Polícías Locais, que foi aprobado no Parlamento galego o 10 de abril do 2007 e entrou en vigor o 23 de maio.

### Comisión de Coordinación das Polícías Locais de Galicia

A creación da dita comisión está recollida na Lei 3/1992 do 23 de marzo para regular as funcións e órganos de coordinación das policía locais de Galicia cun sentido de integración. Deste xeito, facilítase a eficacia da actuación deste corpo para asegurar a mellor protección da seguridade cidadán e garantir o libre exercicio dos dereitos e liberdades das persoas e colectivos. Trátase dun órgano superior consultivo en materia de coordinación que está adscrito á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Entre as súas funcións destacan a proposición ás distintas administracións públicas de medidas convenientes para a mellora dos servizos das policía locais ou a promoción de cursos básicos e actividades de formación para a súa aprobación ou homologación. Así mesmo, inclúese a emisión de informes sobre retribucións, plans de seguridade, normas ou proxectos de disposicións xerais, criterios de selección, formación, promoción ou mobilidade dos axentes, e tamén sobre homoxeneización de medios técnicos e identificación e uniformidade.

Neste órgano están representados os membros das policía locais galegas, os concellos da Comunidade Autónoma e a Xunta de Galicia. Segundo establece o Decreto 578/2005 do 29 de setembro, a comisión está presidida polo conselleiro de Presidencia, José Luis Méndez Romeu, e a Vicepresidencia corresponde á directora xeral de Interior, Isabel Durántez Gil.



Os vogais por parte da consellería son o secretario xeral desta, a directora xeral de Administración Local, o director da Academia Galega de Seguridade Pública, o director xeral da Asesoría Xurídica e o subdirector xeral de Seguridade e Réxime Interior. Tamén son vogais oito representantes municipais designados pola Federación Galega de Municipios (FEGAMP) e tres representantes dos membros das policía locais designados polos sindicatos máis representativos na Policía Local no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

A secretaría corresponde a un funcionario da Dirección Xeral de Interior, con voz e sen voto, con categoría de xefe de servizo. Ademais, en calidade de invitado, asiste o representante da Asociación de Xefes e Mandos das Policía Locais (AXEMPOL).

A actividade da Comisión de Coordinación das Policía Locais durante o ano 2006 desenvolveuse a través de tres sesións ordinarias celebradas os días 30 de marzo, 25 de setembro e 28 de novembro. Estas reunións serven de foro de debate para intercambiar opinións e suxestións e contribúen a incrementar a eficacia das actuacións na coordinación das policía locais.





## A CPTOPT DÁ CONTA DO GASTO DE MÁIS DE 600.000 EUROS EN OBRAS DE EMERXENCIA EN ESTRADAS DO NORTE DE PONTEVEDRA AFECTADAS POLAS CHOIVAS DO OUTONO

- Política Territorial cumpre así co preceptivo trámite administrativo ante o Consello da Xunta

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia das obras acometidas en diversas estradas do norte da provincia de Pontevedra que se viron afectadas polas intensas choivas de outubro e novembro. A estas actuacións destináronse 605.875,15 euros, que se engaden ás obras e proxectos tamén de emerxencia dos que xa se deu conta en anteriores reunións do Consello da Xunta.

As obras declaradas de emerxencia pola CPTOPT das que hoxe se deu conta inclúen 15 actuacións en oito concellos:

- Tui: Reparación do paso do río na estrada de Pazos de Reis a Randufe, no lugar de Circos; reparación do paso sobre o río no Camiño de Baños, en Caldelas de Tui; e acceso á PO-404 no quilómetro 7.
- Campo Lameiro: En Fragas reparouse o camiño municipal de Calatrava; o muro do camiño municipal de Redonde e o camiño de acceso a este lugar.
- Catoira: Reparación das estradas municipais nos lugares de Cores e de Casal de Mogos, e reparación da estrada municipal no lugar de Acheiro.
- Caldas de Reis: Reparación da estrada de Gundiñáns, na parroquia de Saiar.
- O Rosal: Reparación da ponte nova sobre o río de Carballas e camiño municipal de Fornelos.
- Poio: Reparación do camiño da Escusa e reparación da Ponte do Demo.
- Ribadumia: Reposición da Ponte de Portela (na estrada municipal de Sisán-Barrantes); reparación da estrada de Covelo na parroquia de Romai, en Portas.
- Oia: Reposición do camiño de Sobral.

Esta é a oitava reunión do Consello da Xunta na que a CPTOPT dá conta de obras de emerxencia. Ata o de agora estas actuacións suman un investimento total de máis de 12,3 millóns de euros destinados a reparacións tanto de estradas de titularidade autonómica como municipais.